

Lendas

Un río con tantos pulos
non pode nacer non chan;
ten que nacer nunha serra
grávida de maxestá.

(Avelino Díaz)



Fonmiñá (no
Concello de
Pastoriza - Lugo)
onde se dicía,
que nacía o río
Miño.

A tan célebre lagoa de Fonmiñá é unha afloración de augas profundas, vinculada a procesos cárstico e/ou hidrotermais que xorde máis abaixo do nacemento do Miño, no concello de A Pastoriza. Esta é a conclusión á que chegaron expertos en hidrografía, tras introducir medidores para comprobar a profundidade das fontes e así concluíron que tanto a Serra como o val de Meira están situados sobre unha grande balsa de auga e que, por iso, nace auga en diferentes puntos, un de eles, a lagoa de Fonmiñá, onde observamos centros de burbulliñas que soben cara á superficie.

*¿Quen díxo, craro río Miño
que naces en Fumiñá
se xunt-a Monterredondo,
xa pasas feito un rapaz?*

*Se xa na Ponte de Meira
semillas ser un lanzal
mozo, que canta as cantígas
i-ó lonxe vai troulear!*

*Eu sei que, sendo inda neno,
cando escoitas as campás
de Meira, na Veiga d-Horta,
aprendes a rezar.*

*E sei, tamén, que tés
o teu bercio máis atrás,
aló na Serra de Meira,
d-Irima no Pedregal.*

*E, d-nd-ali, como todo
galego qu-ha d-emigrar,
xa sales dicindo un prego
ou ben, un doce cantar.*

*Despois, no longo camiño
pol-a terra galián,
es un meirego que marcha
camiño de Portugal.*

*Por eso, porqu-és meirego,
por eso te quero máis.
(¡ Quizabes tuas augas levan
as bágoas de miña nai!)*

*Cando chegues, río galego,
ás costas de Portugal
rolando en limpas maréias
voltas ás praias galiáns.*

*Volve, río Miño, volve,
que o galego que se vai
po-los vieiros do mundo
sempre teima de voltar!*

O Poeta de Meira, Avelino Díaz, 1897 - 1971



PEDREGAL DE IRIMIA

NACEMENTO DO
RÍO MIÑO



Río Miño

O Miño nace na serra de Meira e desemboca no esteiro de A Guarda. Ten unha cunca de 9.775 km² e unha lonxitude de 343 Km. É o segundo río máis caudaloso da península ibérica. Todo o seu curso alto está declarado Reserva da Biosfera e os seus últimos 76 Km., serven de fronteira entre España e Portugal.

O seu caudal medio é de 340 m³/s. Nos Peares únese o Sil que achega 157 m³/seg. fronte aos 108 m³/seg. que achega o Miño.

Entre Lugo e Ourense o Miño conta con tres encoros ([Belesar](#), 654 hm³; [Os Peares](#), 182 hm³ e [Velle](#), 17 hm³) e entre Ourense e a fronteira con Portugal con dous encoros ([Castro de Miño](#), 60 hm³ e [Frieira](#), 44 hm³).

Pasa por: Lugo, Ourense, Ribadavia, Francelos, Tuy e Portomarín entre outros.

Afluentes principais: Sil, Neira, Barbantiño, Búbal.



Descrición física e xeográfica do Pedregal

O longo e caudaloso río Miño nace no Pedregal de Irimia, na Serra de Meira. Concretamente, está formado por dúcias de fontes que se estenden ao longo da á oeste desta montaña onde se unen os seus caudais; así fórmase o pequeno río, con grande cantidade de troitas, que pasa por Meira e cruza Fonmiñá con dirección á capital lucense, a cal queda atrás na súa busca do Atlántico, a onde irá morrer, para renacer de novo en forma de chuva.

De todas as fontes das que o Miño se abastece (o Pedregal, o Porto da Pena, o Rego de Feás, o



Regolongo, a Fonte da Pena, a da Valiña, a de Paredes, a Rulán, a Fontemiñá, . . .), é a do Pedregal de Irimia a máis destacada por altitude (620 metros) e singularidade.

Unha increíble masa de pedras esténdese ao longo de 600 -700 metros en forma de embude que impide ver a auga ata o termo destas, xusto ao lado da estrada que lle proporciona acceso dende Meira (a 3 km).

Estas enormes pedras, na súa maioría cuarcitas, non están distribuídas desta forma de xeito premeditado, senón

que a propia natureza, no período periglacial (hai entre 20.000 e 10.000 anos aproximadamente) encargouse de distribuílas desta forma, facendo así deste lugar un punto de visita obrigado para contemplar os seus antollos.

Á auga que se esconde baixo este regato de pedras únense todos os caudais anteriormente citados, logo de abastecer a vila de Meira e de encher varios depósitos para a súa axeitada xestión.

Tras o seu paso pola terra que o viu nacer, continúa o seu camiño por a Fontemiñá, tamén chamado Fonmiñá, e pola bisbarra de A Terra Chá dirección a Lugo, e seguindo o seu percorrido co desexo de alcanzar terras pontevedresas, onde no lugar de A Guarda verán unirse co grande Océano Atlántico formando un esteiro. É navegable nos seus últimos 33 Km.

Dende o centro de Meira hai 2,5 Km. ata o Pedregal, pola estrada que pasa polo lado esquerdo

